



O FARELO

Nº 34
Outubro de 2019
Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Balseiro
chama a
reforzar os
lazos con
Asturias



Páxina VII

O Miradoiro do
Duque en
Monforte
duplicou a
superficie



Páxina X

Mondoñedo
inaugurou un
espazo
museográfico



Páxinas XI

A cidade de
Lugo terá
nova estación
de buses



Páxina XIII

Congreso
internacional
sobre
termalismo en
Lobios



Páxina XIX



Tenreira e bica na 26 Festa da Carne de Montederramo

Páxina VIII

ESCOLLE O TEU DESTINO

oca
HOTELS

GRAND
oca
HOTELS

duerming
by OCA HOTELS

DESTINOS OCA

CALICIA Santiago de Compostela Cee Vigo Sanxenxo O Grove Ferreira de Pantón Sarria Foz Triacastela Palas de Rei Allariz Pobra de Trives Portonovo Viveiro Vilamor Poio	ASTURIAS Oviedo Gijón Avilés
	CASTILLA Y LEÓN Burgos (próxima apertura)
	LLEIDA Valbona de les Monges
	BRASIL Maragogi

"OCA, CADENA HOTELERA GALEGA"

Opinión

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Mudan os tempos, mudan os costumes

O patrimonio cultural galego é moi vulnerable. Tanto, que cando algunha parte desaparece só queda del a memoria, que pouco é. Este feito prodúcese por activa e por pasiva. Polos que podendo preservalo prefiren, por falta de autoestima, desprezalo; son os que senten maior entusiasmo polo alleo que polo propio. Mais hai outro sector numeroso da sociedade que non é plenamente consciente da riqueza do noso acervo cultural e influído polos primeiros, súmanse a ese lamentable proceder.

Pero tamén hai que salientar outras incidencias alleas negativas que actúan persistentemente contra as que non é posible loitar por mor da desigualdade de forzas en conflito. Velaí a globalización na que estamos mergullados, que ten medios poderosísimos para esluír a diversidade en aras da homoxeneidade fomentando o pensamento único. É a loita desigual das culturas sen recursos contra as que están apoiadas por poderosos medios.

Servidor, que leva traballando case que cincuenta anos arreo para manter vivos os nosos sinais de identidade, pode ilustrar cunha anécdota a vulnerabilidade do noso patrimonio inmaterial, que foi sempre a pedra angular que termou durante séculos das nosas tradicións.

Nas miñas vacacións estivais e de nadal nunha pequena aldea da Fonsagrada participei en moitas polavilas, que eran reunións lúdicas convocadas polos veciños unha vez rematadas as tarefas agrícolas. Da sabedoría popular daquela xente cheguei a coñecer a ri-

queza da nosa identidade. Pois ben, no fondal do val do Suarna, que é onde está localizada a aldea, a televisión víase grazas a un pau que facía as veces de repetir chantado nun penedo que coroaba un outeiroño alimentado por unha batería dun coche. O sinal da TVE recíbíase moi mal. As


miñas relacións con algúns políticos, fixéronme a encomenda de resolver o problema. Ao día seguinte despraceime a Compostela para falar co Conselleiro do ramo e expoñerlle as circunstancias da visita. Meu dito, meu feito: en menos dun mes colocaronse na Fonsagrada, que é un teso ben alto, dous repetidores. Cando voltei polo nadal pregunteilles, como era costume, a que hora tiñamos a polavila. Haiche algún tempo que non as facemos, díxome un. Agora a xente mira a televisión;

da identidade e fomento da cohesión social.

Esta anécdota ben a conto porque pode servirnos de reflexión para procurarmos que o relato cultural con base na tradición non desapareza con acelerada progresión. Velaí está o calendario para certificarlo. Cando chegue o mes de defuntos en moitos centros escolares celebrábase unha actividade traída dunha tradición dos EE.UU, o oprobioso halloween. E nas festas do nadal volveran as escenificacións do Papá Noel. O mesmo acontecerá no entroido, convertido agora nunha carnavalada carente de imaxinación. Aínda así, e malia esa precariedade intelectual, de cando en vez en algúns aparecen propostas imaxinativas con raíces no noso pasado. O éxito de tales convocatorias avalan a existencia dun sentimento galego difuso que hai que seguir alentando. Lembro con moita satisfacción que sendo funcionario do Concello de Redondela propúxenlle a unha asociación cultural botar a andar a Festa dos Fachos inspirada na mitoloxía celta. Foi tal o éxito daquela iniciativa que na segunda convocatoria participaron na festa ao pé de mil trescentas persoas (cifra ben contabilizada), que se foi incrementando co paso dos anos.

Galeguizar, velaí a arela que temos que conseguir colectivamente. A desmemoria convertiranos nun pobo enxoito. Cómpre que a Consellería prepare un plan de dinamización que fomenta o restauro do patrimonio inmaterial, seguindo as directrices da Lei do Patrimonio Cultural de Galicia.

O paso do tempo é inexorable, pero que non nos roube aquilo que é consustancial conosco para podermos existir no futuro.



dificultades eran maiores cando o mal tempo desaconsellaba ir cambiar a batería. Así que as polavilas eran a alternativa para pasalo ben.

Nunha delas os veciños, sabedores do meu galeguismo, emprazáronme para resolver o desamparo no que estaban “porque a Xunta de Galicia impídenos ver a TVG cando aquí somos todos galegofalantes”. Sabedores das

sobre todo as das canles privadas que nalgúns programas saen unhas mozas ben cumpridas a medio vestir. Tele 5 seica tiña máis engado que a TVG.

Se non fose porque hai batallas que se perden de seu pola poderosas forzas que actúan sobre nós, sentiríame culpable de ter acabado coa tradición das polavilas, que eran ágoras sen cancelas para o maxisterio socrático



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo – Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Por Avelino Jácome

Cando non chegou o ramiño de violetas

*Quen a escribía versos dime quen era
Quen a mandaba flores por primavera...*

Quedouse soíña a rula namorada, naquela vila pequeniña, nin aldea, nin cidade, nin quente, nin fría, unha vila morna onde todo se sabe, onde todo se agocha.

Hoxe foi o cabodano, unha xunta de vellas na igrexa, unha recua de rosarios e painosos, de memoria, de costume, sen sentir, sen pensar, lembrando un morto que está mais vivo queles, un home que se atreveu a vivir de verdade, a súa maneira!

Fai xa un ano que non lle chegan cartas nin flores na primavera, deuse conta de quen era aquel amante á antiga, o que tantas veces imaxinou co pano no pescozo, co seu chalequiño negro e garabata, con pluma de prata no peto a xogo cos cabelos canos e tenrura nas súas mans.

Deuse conta cando lle colleu a manciñas entre as súas, rexeas e fortes, cheas de talos e feridas co traballo

mancou, deixando fondas pegadas na súa pel. El que non fora ao longo dos trinta anos de matrimonio nin tenro nin doce.

Agora soubo o segredo que gardaba no caixon da mesiña do cuarto grande, aquela que pechaba sempre. Colleu a chave da chaqueta vella de pana do armario de cerdeira, aquilo que tantas veces quixo facer, para saber que gardaría alí, mais o respecto que sempre lle tivo non a deixou. O mesmo respecto que el sempre lle deu a ela para non mirarlle a mesiña de noite onde gardaba con cintas de cores aqueles sobres que chegaban sin remite, poemiñas cargados de paixón, de soños e de amor.

Aquela noite abreuno e tamén abreu unha porta nova na súa alma de muller, unha porta que encheu de estrelas e de suspiros, alí atopou aqueles papeleiros de cores, con florciñas que tan ben coñecía, e dobradiño no sobre o último poema que pensaba levar a correos, sen remite, antes de darlle

aquel golpe traizoeiro a derradeira enemiga.

Deuse conta aquela tarde cando lle dixo: "ruliña, chegou o remate do meu verán, teño que marchar para outro sitio, onde será sempre nove de novembro". Nos seus ollos verdes brillaba a vida e na súa faciana adivinabase a morte.

E pasou por diante dela aquela vida xuntos nun intre, lembrou cando se coñeceran aquel día frío, chuvieiro, cheo de nubes negras na festa das Dores, veu como esclarecía o día cando o mirou, primeiro unha raiadiña, despois estoupou no ceo o arco da Vella, enriba da estatua de Loriga e baixo aquel orballo foron esvarando un noutro, como unha sementeira de centeo na leira recén traballada e medraron como unha árbore grande no meandro do río en Ribas do Asneiro.

E sorriu ao pensar que o seu home é o seu amante, sempre foron un, e chorou ó ver nos seus ollos tanto agrimo, o corazón tenro daquel home grande que se partiu en dous para que non extrañara nada, e sentiu na pel as garatuxas das verbas e a forza daquelas mans ásperas como lixas e tremeu como unha vara verde.

Miraronse e non dixeron nada, non

facía falla, colidos das mans agardaron o camiño do alen, pousou a cabeceira no seu peito sentindo o seu alento, cando o silencio encheu o cuarto pechoulle os ollos e leu o papelito rosa que gardara nos peitos:

"Eu prométoche estar cando queiras, prométoche entenderte sempre porque a túa mirada se explica sen necesidade de outra explicación, prometo mirarte cada hora dese reloxo que non detén as súas gañas de apagarnos. Prométoche que non poderá eliminar da miña alma ese primeiro bico daquela noite na Estatua de Loriga, apenas só un aceno foi suficiente para facer eterno o seu sabor, prométoche non olvidalo aínda que se me borre a memoria. No último grolo que me quede de vida gardarei: Ese bico insinuado!"

Cecilia saiu da igrexa e baixou as escadas da praza, ergeu os ollos e mirou cara o ceo porriba das casas, na rúa dos paraugas albiscabase o Arco da Vella...

*Quen cada nove de novembro
Como sempre sen tarxeta
Mandábaa un ramiño de violetas.*



Por Antonio Rodríguez Álvarez. Historiador

Recoñecemento do Camiño de Inverno pola Ribeira Sacra

Como é ben coñecido, desde o 16 de agosto de 2016 no que entrou en vigor a Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, o recoñecemento do Camiño de Inverno como novo roteiro de peregrinación a Santiago de Compostela é un feito irrefutable. O traballo realizado durante vinte anos pola Asociación de Amigos do Camiño de Inverno é incuestionable e, sobre todo, loable.

Recentemente, tivo lugar no termo municipal de Sober un "Workshop Internacional de paisaxe tralas pegadas do Camiño de Inverno na Ribeira Sacra", dirixido pola arquitecta Isabel Aguirre, directora da Escola Galega

da Paisaxe. Durante este taller expertos internacionais puxeron de manifesto diversos aspectos que é interesante ter en conta desde unha perspectiva académica como a que propuxo a propia directora: "a recuperación de distintos itinerarios históricos relacionados co Camiño como as vías romanas e camiños reais que coinciden con el nalgúns tramos pero noutros non", segundo as súas propias palabras.

Unha extraordinaria proposta xa que, como quedou de manifesto no desenvolvemento do mencionado Workshop, a sustentación histórica do xa oficial Camiño de Inverno adoece

de estudos de investigación baseados en criterios historiográficos nos que se aborde o Camiño de forma integral desde unha perspectiva académica, científica e histórica. Ata o momento presente, soamente dispónse de illados traballos realizados por persoas ilusionadas co Camiño pero carentes dunha rigorosa metodoloxía, fundamentación e sistematización histórica requirida en toda investigación. Non é un asunto vanal. Estamos a falar de Historia das peregrinacións e como todo feito pasado debe de ser analizado coa maior rigorosidade por especialistas na materia xa que constitúe a pedra angular sobre a que se debería asentir a declaración oficial, máis preocupada por satisfacer as demandas dos cidadáns que pola rigorosidade histórica que debería de presidir a declaración.

Neste sentido, colectivos das terras de Larouco, Trives e Caldelas demandan unha delimitación do Camiño de Inverno desde A Cigarrosa (A Rúa de Petín), Cóbados de Larouco, Pobo de Trives, San Xoán de Río, Castro Caldelas, Ponte de Paradela, Doade ata Monforte de Lemos. Fundaméntase esta reivindicación na abundancia de vestixios históricos como é que por este tramo xa existía (e existe) a Vía XVIII do Itinerario Antonino, Vía Nova, que desde Asturica chega ata Bracara Augusta, en Portugal. Existindo unha vía desde a época imperial, é lóxico que os poucos peregrinos existentes transitasen por vías existentes.



Opinión

Por José Paz Rodríguez

(Prof. aposentado da Universidade de Vigo, académico da AGLP e presidente da ASPGP)

Carvalho Calero na revista Nós

Quando Dom Ricardo Carvalho Calero tinha exatamente dez anos, fúnda-se em Ourense a revista Nós por um grupo de intelectuais inspirado pelo seu mestre Louzada Diéguez, integrado, entre outros, por Vicente Risco, Otero Pedraio, Arturo Noguerol e Florentino L. Cuevilhas. Era o día 30 de outubro de 1920, e este ano cumprem-se os 99 anos da sua criação. Sem esquecer que o centenário desta publicação vai ter lugar no próximo ano, e esperamos que com um amplo e rico programa de atos. Esta magnífica revista, ainda não superada hoje, deu nome a toda uma geração de galegos que acrescentaram dignidade, cultura e saber à Nossa Terra, chamada Galiza por todos eles.

Carvalho Calero, que em abril de 1927 ingressou no Seminário de Estudos Galegos (SEG), do qual chegou a ser durante bastante tempo Secretário-Geral, começou logo a colaborar na revista criada em Ourense, “Atenas da Galiza”, por aquele então. Tanto como criador literário quanto como crítico. A sua primeira colaboração, com o título de “Deus”, dá-se no número 49 do ano 1928, na sua primeira página. As suas colaborações literárias, espe-

cialmente poéticas, continuam em sucessivos números da revista. No núm. 55, com o título de “Manhã de outono” (ano 1928) e no 61 a “Poesia” da primeira página (1929). Outras peças criativas foram: “Canção das lavadeiras” (núm. 76, ano 1930), “Santa Cecília da Soidade” (96, 1931), “O vir da primavera” (100, 1932), “Semelhas ser somente” (106, 1932), “Nasces na primavera” (115, 1933), “Códio” (118, 1933), “Tu apareciches” (123, 1934) e “Choiva” (137-38, 1935).

Como crítico literário todos conhecemos a sua grande valia. O seu estupendo compêndio, ainda sem superar, História da Literatura Galega Contemporânea, é revelador do grande investigador literário que foi. Este labor já o amostrou suficientemente na Nós publicando interesantíssimos estudos sobre obras, poemas, romances e ensaios, dos poetas líricos galegos contemporâneos seus, de Robert Burns, Bouça-Brei, Risco e a sua geração, Rosália de Castro, Curros Enríquez e Juan Ramón Jiménez (num estudo comparativo), Gil Vicente, Dámaso Alonso, Blanco Amor, Branquinho da Fonseca,

Augusto Casas, José Crecente Vega, Florêncio Delgado Gurriarán, Outeiro Pedraio e Antero de Quental nos seus sonetos. São muito interessantes os seus estudos críticos titulados “Olhada sobre a poesia lírica galega contem-



porânea”, “Balanço e inventário da nossa literatura”, “Ensaio histórico sobre a cultura galega, livro de Otero Pedraio”, “Poesias de Gil Vicente” e “A geração de Risco”, publicados respectivamente nos números 87 (1931), 108 (1932), 118 (1933), 126-27 e 131-32 (1934).

Seria certamente de grande interesse que por alguma entidade pública, educativa ou académica, fosse publicado uma monografia que recolhesse todas as colaborações como crítico e literárias de Dom Ricardo no Boletim mensal da cultura galega e Órgão da sociedade “Nós”, conhecido como revista Nós. Que saia à luz entre os anos 1920 e 1936, graças aos ourensanos do famoso cenáculo, a Castelhão e, posteriormente, quando foi editar-se a Compostela, a esse grande galego que fora ngelo Casal, vilmente assassinado pelos fascistas o 19 de agosto de 1936. Tal publicação haveria de servir para celebrar o “Ano Carvalho Calero”, ao que, por fim, a RAG lhe dedica as Letras Galegas em 2020, os 100 anos da Nós, e para que as gerações novas de galegos e galegas pudessem descobrir a valia

dum grande galego, injustamente esquecido até agora pelos organismos oficiais da nossa cultura, como foi Carvalho Calero. Educador, académico, literato, filósofo, conferencista, primeiro professor de língua e literatura galega da Universidade de Compostela e grande polígrafo.

Por Olímpio Quiroga Rodríguez

Camiño Primitivo de Oviedo a Santiago

A cabo de facer con éxito e satisfacción o meu quinto Camiño a Santiago de Compostela. O ano pasado fixeno pola costa desde Lisboa. Antes xa desde Roncesvalles; desde Sevilla e desde Irún. E sempre en solitario. Este ano saín na primeira etapa desde Oviedo ata Grao, de 25,5 qms.: etapa de tobogáns. Segunda etapa Grao- Bodenaya de 31 qms.: etapa dura con continuas subidas e baixadas e final de etapa 6 qms de subida. Terceira etapa Bodenays-Borres 28 qms: segue sendo de continuos desniveis con bo tempo. Cuarta etapa Borres-A Mesa de 29 qms: espectacular; denominada “su-

bida a hospirales.” En 25 qms non hai ningún pobo, moi esixente; considerada a etapa máis bonita de todos os camiños cruzando montaña tras montañas. Impresionante. Quinta etapa A Mesa-Grandas de Salime 16 qms. Etapa moi bonita. Choveunos un pouco e moi emotiva pois ao fin de etapa no pobo onde nacín tiven moitos recordos de nenez. Aínda que nacín aquí son ourensán de adopción pois de pequeno fun a Ourense onde teño raíces familiares, concretamente en Xunqueira de Ambía. Sexta etapa Grandas- Fonsagrada 28 qms: sempre moita montaña. Aquí xa entramos en Galicia.

En Galicia

Sétima etapa Fonsagrada-O Cavado 25 qms : moita montaña, con moita néboa e bastante afluencia de peregrinos. Oitava etapa O Cavado-Lugo 31 qms.: larga pero non moi esixente; levadía. Novena etapa Lugo-Ferreira 27 qms.: chaira en case a súa totalidade. Décima etapa Ferreiea- Ribadiso 31 qms.: chaira na súa totalidade; moita afluencia de peregrinos. Parei nun dos albergues máis bonitos do Camiño. Décima primeira etapa Ribadiso-Pedrouzo 21 qms.: moi cómoda, chaira, bo tempo, infinidade de peregrinos. Décimo segunda etapa Pedrouzo-Santiago 21 qms.: moi chaira. Subida ao Monte do Gozo. Moitísimos peregrinos. Cheguei cedo á Praza do Obradoiro. Moi emotivo; sensacións únicas. Este ano saltáronme as bágoas. Isto é a



maxia do Camiño.

Animo a todo o mundo a que en calquera momento decidan facelo. Bo Camiño. Ata o próximo.

Encarna Lago, xerente da Rede Museística de Lugo

“Os museos non son só espazos expositivos, teñen que cumprir outras funcións”

Encarna Lago leva a xerencia da Rede Museística da provincia de Lugo. Esta idea de ter unha rede de museos interconectados, permitiu segundo Lago, a existencia de pequenos museos en toda a provincia. Ademais do labor museístico, non só expositivo, senón científico de investigación e de achegamento á comunidade educativa, a Rede quere aportar a súa achega ao desenvolvemento sostible.

-Cal é o obxectivo da Rede Museística de Lugo?

Ser museos onde o que importa son realmente as persoas. Desde unha dimensión de investimento sostible, nun museo igualitario e inclusivo, onde o patrimonio, a comunidade e o territorio vaian da man.

-Como se articula a xestión desta rede provincial de museos?

Ningún dos museos que a compoñen poderían existir sen a rede. Para ser un museo tes que ter un traballo de difusión, conservación e didáctica. Os museos non son só espazos expositivos, teñen que cumprir outras funcións. Un museo é unha entidade sen ánimo de lucro ao servizo da sociedade.

-E o nacemento da mesma como se articulou?

Os funcionarios e funcionarias propoñemos á Deputación en 2006 que se cree unha rede museística onde os departamentos científicos do Mu-

seo de Lugo prestarían o seu servizo aos demais da provincia, con iso nas entidades máis pequenas habería persoal de custodia e vixilancia e tamén de educación ademais de que algúns teñen arquivo e bibliotecario ou bibliotecaria.

-Como inflúe o feito de ser museos sostibles?

A sustentabilidade ten tres dimensións, a social, a económica e a medio ambiental. Por unha banda aforramos custos e por outra parte, cumprimos o estar máis perto da cidadanía. O Museo do Mar está nunha vila mariñeira, a poboación terá máis interese en conservar o patrimonio material e inmaterial que calquera que non viva alí. É por tanto, un modelo descentralizador que busca un achegamento patrimonial ao territorio.

-Ao territorio onde están instalados cada un dos museos.

A Rede é unha maneira de vida, unha maneira de xestionar



Presentación do programa da Rede para centros escolares

coas persoas, coa comunidade, estendendo lazos de afecto pois os museos teñen que servir as persoas, senón non teñen sentido. Estendemos unha rede, buscamos que as comunidades arredor dos museos, a comunidade investigadora vaia con nós, a comunidade das familias e da educación. Fomos o primeiro museo que traballamos en temas de accesibilidade. Traballámolo de fóra para dentro e de dentro para fóra.

-Estender a rede inclúe tamén as redes sociais?

Fomos o primeiro museo galego en estar nas redes sociais. Serviunos para entrar en contacto coa nosa xente e así poder mostrar o noso modelo museístico.

-Cales son os proxectos máis recentes?

Temos proxectos en todas as áreas. Por unha banda, a parte expositiva de todos os proxectos expositivos temporais que pode haber. Desde a parte

educativa presentamos a primeira programación para o curso escolar, onde explicaremos as diferentes prezas que compoñen a parte de exposición, é unha programación ambiciosa e novidosa. Así queremos aportar solucións desde o mundo da cultura a diferentes cuestións que presentan os máis novos. O noso plan de igualdade tamén se estende por toda a rede museística, o que crea patas e nodos para xuntarse con outros semellantes.



milfollas

LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Telf: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Telf: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com



GASOLEOS TEA



Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS | 986 66 13 90
986 66 13 89

A GUARDA | 986 61 43 61



Miscelanea

Redaccion OVIEDO

Alfonso Rueda fala das boas relacións entre os gobernos asturiano e galego

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, mostrouse convencido de que a relación “especial e estreita de unidade” mantida nos últimos anos co Goberno asturiano de Javier Fernández terá continuidade co novo presidente, Adrián Barbón. A preguntas dos xornalistas en Oviedo, onde recibiu a insignia de ouro da Asociación Día Galicia en Asturias, sinalou que aínda hai sobre a mesa moitos problemas que afectan a ambas as comunidades.

“Demostrouse ata o de agora

que esa unidade serviu para ir conseguindo resultados prácticos”, sinalou antes de resaltar que algunhas comunidades autónomas xa están a tomar exemplo das relacións mantidas nos últimos anos entre Galicia e Asturias. Alfonso Rueda animou a deixar de lado as diferenzas políticas para poder avanzar polos intereses comúns de ambos os territorios. “Por Galicia non vai quedar e estou seguro que por Asturias tampouco”, salientou. Tamén considerou que se volveu unha “situación de emerxencia” que o Goberno

de España desbloquee os fondos autonómicos pendentes de transferir ás comunidades, advertindo de que esas partidas, que en caso de Galicia ascenden a 700 millóns de euros, “xa están a facer falta”, para sufragar o custo de servizos públicos fundamentais.

Antes da recollida da insignia de ouro da Asociación Día Galicia en Asturias, dixo estar “moi honrado e agradecido” por un recoñecemento que quixo facer extensible aos centros galegos repartidos por todo o mundo.

Pola súa banda, a expresi-



Fernández Quevedo impón a insignia de ouro a Alfonso Rueda.

denta da Asociación Vítimas do Terrorismo (AVT), Ángeles Pedraza, comentou que recibe con orgullo a distinción, que supón un recordo a todas as vítimas, aínda que “a algunhas persoas esquezalles, como a

políticos e parte da sociedade”. “Temos outro tipo de terrorismo agora mesmo. Temos o terrorismo de ETA, que xa non mata, pero que os seus amigos están nas institucións”, advertiu.

Ángeles Pedraza: “ETA agora non mata porque está nas institucións”

“ETA agora non mata porque está nas institucións, pero son moi covardes, no momento en que lles falte iso non terán ningún problema en volver tomar as armas. Derrotóuselles policialmente, pero politicamente están máis fortes que nunca”. Dese modo tallante pronunciouse no Club Prensa Asturiana de La Nueva España Ángeles Pedraza, ex-presidenta da Asociación de Vítimas do Terrorismo, que participou nun acto organizado pola Asociación Día de Galicia en Asturias, que preside Ma-

nuel Fernández Quevedo.

Ángeles Pedraza (recentemente nomeada xerente do 112 na Comunidade de Madrid polo Goberno de Díaz Ayuso) perdeu á súa filla Miriam, casada e de 25 anos, nos atentados do 11-M. O seu outro fillo, que debía ir no mesmo tren, salvouse ao quedarse durmido. Desde entón, Pedraza tomou especial conciencia da dor que senten as familias das vítimas e converteuse en activista contra o terrorismo.

“Nin esquezo nin perdo; os terroristas que podrezan no

cárcere. Se tivese diante ao asasino da miña filla non me custaría nada matalo”, asegurou Pedraza, que lamentou que persoas como Otegui, que foi condenado por pertenza a banda armada, teñan unha cadeira de brazos nas institucións. “Ningún partido político en España soubo ter man dura co terrorismo, e iso debemos telo en conta á hora de votar”, sinalou. Pedraza recoñeceu que antes de converterse en vítima do terrorismo adoitaba ir ás manifestacións de apoio. “Pero logo non me acordaba das familias; cando



Ángeles Pedraza e Manuel Fernández Quevedo.

perdín á miña filla decidín que ía loitar dunha maneira suave. Miriam tamén saíra á rúa para protestar”. Pedraza comentou que o 10 de novembro é o único día do ano no que ETA non matou. “O resto do ano sempre hai unha familia de

duelo”, asegurou.

Manuel Fernández Quevedo, presidente da asociación Día de Galicia en Asturias, destacou a valentía e a coraxe de Ángeles Pedraza e tamén encomiou o labor que realizou a Policía nas pasadas décadas.

Seguros Servizos Ourense ☎ 678 578 161 988 044 834 www.servizosourense.es	CARNICERÍA MARIVAN abierto los domingos C/Faustino Santalices - esquina Pablo Picasso - Ourense Tlf. 639 58 04 30	jba servicios inmobiliarios Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense ☎988 10 20 75 ☎629 83 67 48 www.inmobiliariajba.com jba.couto@ymail.com	Orixe PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN 988 60 70 75 Diseño - Impresión - Retulación - Merchandising www.orixepublicidade.es Rúa Francisco de Moure 20 • Ourense
--	---	--	---

Balseiro chama a reforzar os lazos con Asturias e o Camiño Norte e Primitivo

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, subliñou que entre os retos máis importantes que comparten Galicia e Asturias figura o de “potenciar os camiños Norte e Primitivo de cara ao Xacobeo do ano 2021”. O delegado realizou esta afirmación no marco do Encontro empresarial Astur-Galaico organizado pola asociación Día de Galicia en Asturias na Cámara de Comercio de Oviedo, no que precisamente se homenaxeou á Consellería de Cultura e Turismo da Xunta así como a varias empresas vinculadas á entidade e a Galicia.

Balseiro sinalou que a citada

consellería está a traballar para “facer máis universal se cabe o próximo Ano Santo” e engadiu que “será unha oportunidade para todos os territorios atravesados polas rutas xacobeas, e moi especialmente para os camiños Norte e Primitivo dado que será o primeiro que se celebra tras a declaración de ambos como bens Patrimonio da Humanidade no ano 2015”.

Neste sentido, o delegado lembrou que o Norte e o Primitivo son respectivamente a terceira e a cuarta ruta máis elixida e sumaron preto de 4.000 peregrinos nos cinco primeiros meses do ano -período do que se teñen datos



Empresarios asturianos e galegos homenaxeados na Cámara de Comercio de Oviedo.

oficiais-.

Balseiro, que interviu en representación do conxunto de

entidades homenaxeadas, agradeceu o labor da asociación Día de Galicia en Asturias por

“manter o vínculo e continuar estreitando os lazos entre as dúas comunidades veciñas”.



982 41 02 69 loteribeirasacra@gmail.com
Rúa Cardenal Rodrigo de Castro, 43
27400 Monforte de Lemos. Lugo



626 793 228

648 130 482

620 900 265

www.hemisferios.org

www.catamaranribeirasacra.com

HORARIOS.

SALIDA. 10:30 LLEGADA. 11:55.

SALIDA. 12:00 LLEGADA. 13:30.

SALIDA. 16:30 LLEGADA. 17:55.

SALIDA. 18:00 LLEGADA. 19:30.

PRECIOS.

NIÑOS DE 0 A 12 AÑOS. **GRATIS.**

(Cada niño tendrá que ir acompañado de un adulto.)

DE 13 a 18 AÑOS. 6 €.

DE 18 A 65 AÑOS. 12 €.

MAYORES DE 65 AÑOS. 10 €.

CONSULTE NUESTRAS OFERTA PARA GRUPOS.

620 900 265 / 626 793 228 / 648 130 482

Miscelanea

Redacción

Montederramo pedirá a Fomento axuda para o mosteiro



O mosteiro xa conta cun plan director.

O mosteiro de Montederramo xa conta cun plan director, un documento exhaustivo no que se recolle o estado de conservación actual do edificio e que define as liñas de actuación para garantir a súa conservación e as propostas para que o seu desenvolvemento sexa sempre compatible con salvagardar os seus valores culturais e de identidade.

O plan foi presentado polo concelleiro de Cultura, Román Rodríguez. No proxecto e nas primeiras actuacións investíronse 101.415 euros, segundo dixo Rodríguez, que avanzou que en breve encargárase un proxecto para realizar obras de mellora nos espazos que ocupaba o antigo colexio de EXB. Ademais realizaranse actuacións para mellorar a accesibilidade, e así garantir a posibilidade de visita ao edificio

das persoas con mobilidade reducida. O plan director servirá para que o Concello poida solicitar unha subvención con cargo ao 1,5% cultural do Ministerio de Fomento.

O plan director comeza por describir as características do monumento e as súas patoloxías, construtivas e funcionais. Tamén define as condicións para o seu mantemento e as súas necesidades de conservación e restauración. Analiza, asemade, as potenciais do monumento para o seu desenvolvemento organizado dunha proposta de usos compatible co seu valor cultural. Dentro das actuacións urxentes que recolle o citado documento, nos últimos meses realizáronse actuacións básicas para deter as filtracións na cuberta do antigo colexio e reparouse o tellado para que non caesen tellas á rúa.

Tenreira e bica



A bica é a sobremesa estrela para os comensais.

O sábado día 12 de outubro, Montederramo celebra a XXVI edición da Festa da Carne organizada polo Concello que preside Antonio Rodríguez Álvarez. Pola mañá abríranse os postos de venda ambulante na rúa principal. A partir das 13,30 xa comenará a servirse o xan-

tar baixo a carpa que ten capacidade para albergar a máis de 1.500 persoas. O menú consiste en carne de tenreira ao caldeiro, richada e en empanada, así como pan das panaderías da localidade, viño da Ribeira Sacra, refrescos, bica de Montederramo, membrillo con queixo e licor café.



**12
outubro
2019**

Organiza:
CONCELLO
DE
MONTEDERRAMO

Colaboran:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Un libro sobre o mosteiro de Montederramo, esencial para o coñecemento do galego medieval

O volume “Mosteiro de Montederramo” do filólogo Ramón Lorenzo presentouse en Montederramo. O libro é froito de décadas de traballo do investigador e filólogo, así como da colaboración da Xunta de Galicia e o Consello da Cultura Galega (CCG), unidos para dar ao prelo este traballo esencial para o coñecemento do galego medieval.

Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística saudou “con enorme satisfacción a publicación desta obra auténticamente monumental, que é a culminación de 40 anos de rigorosidade intelectual e de traballo constante a prol da lingua de Galicia desde o ámbito dos estudos medievais, nos que Ramón Lorenzo, sen dúbida, creou escola”. “O insigne profesor —engadiu o secretario xeral— agasállanos cunha colección de case 2000 documentos que é toda unha

regalía para os estudosos da nosa historia e da nosa lingua, unha fonte fundamental para ampliar o coñecemento sobre o que fomos e o que somos hoxe os galegos e as galegas”.

Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega, dixo que “con esta publicación remata un labor de décadas dedicadas a editar con primor filolóxico e dispoñibilizar para toda a comunidade a colección de documentos de Santa María de Montederramo, realmente monumental. Para a colección e para o CCG é unha honra que se ocupase dela un filólogo do talle indiscutible de Ramón Lorenzo. Trátase dunha colección dunha riqueza extraordinaria polo seu número e unha crónica de vida da época nunha ampla área de influencia”.

Canda eles, participaron na presentación Ramón Lorenzo, autor do volume; Antonio Rodríguez Álvarez, alcalde de

Montederramo; Xosé Luís Requeira, director do Instituto da Lingua Galega (ILG) da Universidade de Santiago, e Andrés Rodríguez, párroco de Santa María de Montederramo. Tras as intervencións, tivo lugar unha actuación musical do grupo Manseliña, que interpretou varias pezas dos séculos XIII e XIV.

Gallaeciae Monumenta Historica

A obra, en soporte mixto papel-CD, contén a edición de toda a colección documental do mosteiro de Santa María de Montederramo, desde o primeiro texto que se conserva (de 1124) ata os últimos escritos en pergamiño no século XVI (1560), ata completar un total de 1880 documentos, seguidos de dous longos apéndices que conteñen dúas cartas executorias de 1520 e 1606 que reproducen moitos dos textos anteriores. O volume inclúe ademais un índice an-



Ramón Lorenzo, segundo pola dereita.

troponímico, outro toponímico e unha extensa introdución na que figuran notas históricas, as normas de transcripción e consideracións sobre características ortográficas e lingüísticas.

Editase no marco do proxecto Gallaeciae Monumenta Historica, un repositorio de

documentación histórica desenvolvido e promovido polo CCG coa participación e colaboración de institucións coma a Deputación de Ourense, o Centro Ramón Piñeiro (Xunta de Galicia), o ILG, a Real Academia Galega e o Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento do CSIC.

Luar na Lubre en Montederramo

O grupo de folk Luar na Lubre e ofreceu este verán unha serie de concertos especiais baixo o nome ‘Sacro-Xira nos Mosteiros’ coa finalidade de presentar o seu último traballo ‘Ribeira Sacra’ en diferentes mosteiros da comarca, como foron Santo Estevo de Ribas de Sil, Santa María de Montederramo, parador de turismo de Monterrei, San Pedro de Rocas e

Santa María de Xunqueira de Espadanedo. O 16 de novembro estarán na Igrexa San Francisco de Betanzos.

O traballo ‘Ribeira Sacra’ contou coa destacada participación de artistas como o asturiano Víctor



Luar na Lubre vendeu máis de 350.000 copias dos seus 18 álbumes.

Manuel, a cantautora galega Ses, a Coral de Ruada de Ourense, o músico coruñés Nani García, a asturiana Marisa Valle Roso e Carlos Gandón e Xoán Antepazo da banda heavy galega Astarot.

Panadería

Gaiña

Vilariño de Frío. Montederramo
 988 292 098 606 352 326
 696 627 333

A Xunta acomete obras de conservación no Camiño natural do Cantábrico

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de iniciar distintas tarefas de conservación e limpeza vexetal en varios puntos do Camiño Natural do Cantábrico, ao seu paso polo municipio de Ribadeo.

O delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que os traballos centráronse desde Ribadeo ata a praia das Catedrais, nun treito de aproximadamente dous quilómetros. A iniciativa contribuirá para poñer en valor e favorecer o uso e aproveitamento desta ruta de grande interese paisaxístico e ambiental, nun espazo no que ademais esta fin de semana está previsto que se celebre unha proba deportiva de medio maratón. Varios equipos encargáronse de realizar tarefas de roza e



A ruta percorre 131 quilómetros pola costa.

control da vexetación nas marxes desta ruta así como a poda de árbores e arbustos naquelas zonas nas que resulte necesario.

O Camiño Natural Ruta do Cantábrico, que percorre a franxa costeira da Mariña lucense ao longo de 131 quilómetros distribuídos en 6 etapas e 2 ramais, en concreto entre as localidades de Ribadeo e O Vicedo

Este itinerario pódese realizar a pé e en bicicleta o que permite unha interacción co mar, gozando das rías e de varios espazos naturais protexidos. O apoio da administración autonómica desenvólvese ao abeiro dun convenio co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

O Camiño Natural Ruta do Cantábrico, que percorre a franxa costeira da Mariña lucense ao longo de 131 quilómetros distribuídos en 6 etapas e 2 ramais, en concreto entre as localidades de Ribadeo e O Vicedo

Luís Rodríguez Fernández dona outro cadro ó Concello de Monforte

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, recibiu a Luís Rodríguez Fernández, quen acudiu á cita para donar ó Concello o cadro denominado "Miguel de Cervantes escribiendo sus últimas voluntades al VII Conde de Lemos". Rodríguez Fernández, máis coñecido como "Gay", naceu en Reigada (Rioseco, Monforte) en 1945. Foi xogador de fútbol no CD Lemos e traballou en Barcelona na Telefónica, cidade na que actualmente reside, aínda que tamén pasa tempadas na cidade do Cabe.

O óleo doado, que amosa ó universal escritor español postrado na cama escribindo as súas derradeiras vontades ó



Luís Rodríguez e José Tomé.

VII Conde de Lemos, está colocado no despacho de Alcaldía, xunto cos outros tres cadros que xa cedeu anteriormente Luís Rodríguez, e que recollen o retrato do VII Conde de Lemos, Pedro Fernández de Castro, o do Cardeal Rodrigo de Castro, e o de D^a Catalina de la Cerda y Sandoval, esposa

do 7º Conde de Lemos e fundadora do convento monfortino de Santa Clara.

O alcalde, en nome de todos os monfortinos, agradece a Luís Rodríguez a súa xenerosidade e o seu interese e preocupación pola cultura e patrimonio artístico e cultural de Monforte.

O Miradoiro do Duque duplicou a superficie



A actuación foi promovida polo Concello e cofinanciada pola Xunta.

A Xunta achegou 67.800 euros para as obras de ampliación, reforma e sinalización do Miradoiro do Duque, en Monforte de Lemos, o único sobre o canón do Sil que hai neste municipio. O delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, visitou a remodelada instalación, que duplicou a súa superficie para permitir unha panorámica máis completa da zona. Na visita participou tamén o alcalde, José Tomé, entre outros.

A Consellería do Medio Rural sufragou o 83,7% das obras de reforma achegando 58.700 euros a través do Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) Ribeira Sacra; por outro lado, Turismo de Galicia destinou 9.100 euros ao asumir o 65% do custo dun proxecto de si-

nalización do miradoiro e outros recursos turísticos urbanos de Monforte de Lemos.

O miradoiro, situado no alto da Ribeira de Lemos, ampliou a súa superficie de 35,8 metros cadrados a 78, incluíndo unha nova área en voladizo para abarcar máis vistas sobre o Sil; tamén se instaláron un banco e un panel informativo.

Balseiro destacou que os traballos "incrementan o atractivo turístico deste elemento, que ofrece unha panorámica sobre a viticultura heroica e a natureza da Ribeira Sacra". Neste sentido, lembrou a necesidade de apuntalar este tipo de recursos, que poñen en valor o potencial paisaxístico desta zona, de cara á súa candidatura como Patrimonio da Humanidade.

Teatro en Monforte para o último trimestre

O Concello de Monforte presentou unha ambiciosa programación teatral que traerá á cidade do Cabe representacións teatrais que se desenvolverán durante o último trimestre do 2019. A presentación desta programación, que fará de Monforte un referente do teatro ata finais de ano, correu a cargo da concelleira de Cultura, Marina Doughton, quen explicou polo miúdo



"un completo programa de 17 obras de teatro, tanto para público adulto coma público familiar e infantil".

Mondoñedo inaugurou un espazo museográfico

A alcaldesa de Mondoñedo, Elena Candia, e o conselleiro de Cultura e Turismo, Román Rodríguez, inauguraron o Centro de Interpretación Imprenta Mondoñedo: Jesús López Díaz. Trátase dunha dotación pioneira pola súa elección temática no ámbito autonómico, na que a Xunta de Galicia mobilizou preto de 330.000 euros entre a rehabilitación da Casa dos Coengos e a musealización do espazo, e que se pon ao dispor da cidadanía para, en palabras de Román Rodríguez, “potenciar o atractivo da vila, promocionando e divulgando un patrimonio propio que transloce a rica actividade cultural da capital mindoniense”.

Román Rodríguez lembrou que “Mondoñedo está vencellado á cultura escrita e, particularmente, á cultura impresa desde moi cedo”, e recordou algunhas das razóns polas que

a capital mindoniense resulta un referente, desde o fondo da extraordinaria Biblioteca da Catedral de Mondoñedo, até a proliferación de autores de referencia como Leiras Pulpeiro, Noriega Varela, Álvaro Cunqueiro e Marina Mayoral, entre outros.

O titular de Cultura incidiu no carácter sociocultural desta nova dotación e destacou que “amplía a oferta tanto para os peregrinos que pasan por aquí seguindo o Camiño do Norte no seu avanzar cara a Compostela, como para os turistas que se acheguen a coñecer esta xoia patrimonial.” Neste sentido, Román Rodríguez recordou que Mondoñedo e a súa Catedral son puntos principais dos Camiños do Norte, incluídos desde 2015 na lista do Patrimonio Mundial da UNESCO e concluíu afirmando que “sempre paga a pena deterse en Mondoñedo e pararse

a coñecer as marabillas que nos ofrece esta antiga capital provincial”.

No acto tamén participou o impresor Fernando López González, herdeiro do prelo Sucesores de Mancebo, unha das empresas que, á canda de Gráficas Lucenses e Junor, doaron materiais para facer realidade este centro de interpretación que quere subliñar a importancia de Mondoñedo no desenvolvemento da imprenta e, por extensión, da propia industria editorial moderna en Galicia.

Das orixes ao renacer impresor

O centro ofrece un discurso expositivo que conxuga rigor e didactismo. En conxunto, ofrécelle ao visitante un relato que vai das orixes, co nacemento da imprenta manual e o desenvolvemento en Galicia, até o desenvolvemento da imprenta mecánica e a impor-



O museo potenciará o atractivo da vila.

tancia de Mondoñedo no renacer impresor que se vive desde mediados do século XIX.

Dentro do proxecto expositivo destacan unha serie de pezas de gran valor para coñecer a historia da imprenta mecánica, desde unha máquina plano cilíndrica de 1870 fabricada en Bélxica e ideada para grandes formatos, até unha Minerva Hispania semi-automática, que permitiu acurtar o tempo de impresión.

Ademais, a mostra inclúe unha excepcional linotipia. Unha tecnoloxía que revolucionou o tempo de composición de páxina dando paso aos anos de esplendor da prensa escrita,

entre finais do século XIX e mediados do XX; así como outras pezas auxiliares, como unha guillotina de 150 anos e aínda apta para a súa función, ou dous chibaletes, un tipo de moble parecido a un pupitre e dividido en caixas no que se gardaban os tipos móbiles.

A Casa dos Cóengos forma parte do conxunto catedralicio de Mondoñedo, xunto coa catedral, o pazo episcopal e a horta, configurando unha peza urbana de funcionamento independente dentro do conxunto. É unha edificación do século XIX que se edificou en dúas fases de planta rectangular e tres plantas de altura.

Xornadas Científicas do Camiño de Inverno en Monforte

A directora de Turismo, Nava Castro, clausurou en Monforte de Lemos as Xornadas Científicas do Camiño de Inverno, programadas co apoio da Xunta de Galicia a través de O teu Xacobeo, a convocatoria posta en marcha polo Goberno autonómico de cara a celebración do vindeiro Ano Santo. Nava Castro salientou a importancia de foros como este que permitiron debater e reflexionar sobre un itinerario que, como o Camiño de Inverno, está a contribuír tamén a dinamizar as economías locais. Puxo de manifesto a aposta e o esforzo

orxamentario da Xunta dos últimos anos para poñelo en valor, algo que se traduce, entre outras accións, no seu recoñecemento oficial, no seu mantemento e conservación, así como no proxecto de sinalización que se realizará 2020 seguindo o calendario do Plan Director do Camiño de Santiago que lle dedicará ese ano a este itinerario.

As xornadas reuniron en Monforte a preto de 250 persoas procedentes de Santiago, Ourense, A Coruña e Pontevedra. Os participantes tiveron a oportunidade de combinar a asistencia as xornadas con vi-

sitas guiadas, conferencias e música. Entre os expertos estaba Ana Goy, catedrática de historia da arte da Universidade de Santiago, que falou sobre a busca do valor universal excepcional da Ribeira Sacra; e tamén o exconselleiro Víctor Vázquez Portomeñe, que analizou o valor inmaterial dos camiños de Santiago

Na parte da música, as xornadas incluíron concertos de Efraim Díaz, profesor da escola municipal de música de Lugo sobre O pito pastoril galego e as súas diferenzas fronte outros instrumentos de vento; e o do músico Xosé Incio, que ofreceu



Participantes no foro no parador de turismo de Monforte.

unha charla sobre o patrimonio inmaterial das regueifas – cancións entre dous o máis persoas co emprego da burla– cun concerto de zanfona.

Segundo Aída Menéndez, presidenta da Asociación Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra, entidade coordinadora deste proxecto, “as xornadas foron un éxito de participación polo tema tratado e polo feito de combinar partes máis cien-

tíficas con outras musicais e visitas guiadas. É imprescindible recuperar estas lendas e cantos dos nosos devanceiros que nos unen a todos ao carón do Camiño”. Un dos obxectivos do programa O teu Xacobeo é precisamente recuperar o patrimonio inmaterial en torno ao Camiño de Santiago e resaltar a súa riqueza entre peregrinos e sociedade galega en xeral.

Novo ciclo superior de FP en estilismo e dirección de peiteado en Monforte

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional autorizou ao Instituto de Ensino Secundario 'A Pinguela' de Monforte de Lemos a posta en marcha dun novo ciclo superior de Formación Profesional Dual en Estilismo e Dirección de Peiteado, que conta con 13 persoas inscritas para este curso. O ciclo oferta en total 17 prazas e neste momento o prazo de matrícula está aberto.

O delegado da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que a novidade principal radica no feito de que o alumnado complementará a formación académica alternando coa actividade laboral nunha decena de empresas colaboradoras que decidiron sumarse ao proxecto. Ao longo deste proceso, os estudantes recibirán unha remuneración desde o inicio do seu período de permanencia nas empresas.

A competencia xeral do título de técnico superior en Estilismo e Dirección de Peiteado consiste en dirixir e



O IES ten xardín botánico desde 1987.

supervisar o desenvolvemento dos servizos de peiteado, planificar e realizar tratamentos capilares estéticos e deseñar estilismos de cambio de imaxe, respectando criterios de calidade, seguridade, respecto polo ambiente e diseño universal.

Planetario

O IES A Pinguela conta entre os seus recursos educativos co único planetario presente nun instituto galego, unha estación meteorolóxica e un xardín botánico. Os dous primeiros forman parte do pro-

xecto 'Mira ao Ceo'.

O planetario recibe visitas guiadas previa solicitude, nas que poden participar grupos de entre 20 e 30 alumnos. A actividade dura uns 60 minutos, durante os que se afonda no coñecemento da astronomía.

Por outra banda, o IES conta cun xardín botánico con especies autóctonas, a maioría delas levadas e plantadas polo alumnado e o profesorado ou facilitadas por distintas persoas que coñecen o labor do centro.

Día Europeo da Cultura Xudía en Monforte



O acto celebrouse na rúa Falagueira.

O equipo de Goberno do Concello de Monforte conmemorou o Día Europeo da Cultura Xudía cun acto presidido polo alcalde, José Tomé Roca, e consistiu na plantación dun olivo e no descubrimento dun monolito cunha placa conmemorativa así como a lectura dun texto de homenaxe, do autor sefardí Moisés Benarroch, que foi efectuada por Gloria Prada. No acto tamén tivo lugar a actuación dun cuarteto de corda e vento que interpretou dúas pezas baixo a dirección de Fernando Sanmartino, director do Conservatorio de Monforte.

O obxectivo deste acto, en verbas do alcalde da cidade, "é homenaxear e lembrar á Comunidade Xudía e Xudeu Conversa monfortina que, ó longo dos séculos, coas súas vivencias e co seu traballo, contribuíron á construción e á existencia de Monforte de Lemos".

Neste senso, o rexedor municipal, destacou que o "acto se enmarca dentro da xornada conmemorativa que se adica en toda Europa a reivindicar e por en valor a cultura xudía". Monforte, pertence á Rede de Xuderías de España. En Galicia, tamén están integrada nesta rede Ribadavia e recentemente Tui.

Rallye Ribeira Sacra por Sober

O Concello de Sober acolleu o 21 de setembro unha das etapas do Rallye Ribeira Sacra 2019. Foi a primeira vez que o rally, que este ano celebrou a súa oitava edición, pisou a provincia de Lugo, con tres pasadas polo Concello de Sober. O Goberno local financiou esta etapa da proba.

A carreira, que organizou a escudería Luintra, é unha cita dos amantes do motor xa consolidada no calendario galego. Na etapa de Sober fixéronse tres pasadas por un tramo que sae de Canaval por Pena Cabreira, Moradela, Moreda, Vilaescura, Rosende, Lama dos Campos e Millán, con final na Praza do Concello de Sober. Un total de 9 quilómetros de percorrido "rápido, bonito e seguro para os asistentes", tal e como explicou a organización.



O rallye ao seu paso por Sober.

Á liña de meta chegaron por esta orde: Víctor Senra, Jorge Pérez Oliveira, Luís Vilariño, Antonio Fernández Valcárcel, Celestino Iglesias Cores, Javier Martínez Carracedo, Francisco Dorado, Celestino Iglesias Duarte, David Rivas e Santi García.

Sober contará cunha pista de pádel de uso gratuíto

O Concello de Sober está a ultimar a construción dunha pista de pádel que será de uso gratuíto. A pista está nas proximidades das piscinas municipais, en Centeás. As obras teñen un orzamento de 25.000 euros. Trátase dun proxecto impulsado polo Concello e financiado pola Secretaría Xeral para o Deporte. A pista funcionará a través dun club local de pádel que está en fase de creación. Os portavoces do



As instalacións estará rematadas en outubro.

Concello explican que estas instalacións incrementan as posibilidades que teñen os veciños para practicar deporte. Sober dispón ademais dun ximnasio municipal cuxo uso é tamén gratuíto.

Lugo terá nova estación de buses

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, avanzou a licitación antes dun mes da redacción do proxecto da nova estación de autobuses intermodal de Lugo, que incluírá a transformación dos terreos da actual terminal nun gran espazo público para uso social e comercial que terá, ademais, un intercambiador de transporte.

Vázquez Mourelle explicou que se demolerán as instalacións da estación de autobuses e sobre ela se habilitará unha nova praza pública con zonas de paseo, mobiliario urbano, parque infantil, zonas verdes e unha parada de autobús con marquesiña que sirva como intercambiador e dende o que

se podería habilitar un bus lanzadeira á estación intermodal. Afirmou, tamén, que se preverá unha solución para que os negocios instalados na actual estación poidan seguir desenvolvendo a súa actividade.

Espazo de encontro

Precisou que se trata dunha parcela de gran tamaño no centro da cidade e próxima á muralla e a rúas peonís, polo que debe ser destinada a un espazo de encontro para os veciños. Engadiu que isto axuda a facer cidade no centro, aproveitando o traslado da estación de autobuses á nova intermodal que se situará xunto á actual estación ferroviaria. A intervención, segundo apuntou, convertería esa zona nun espazo

pensado para vivir Lugo tranquilamente, que sirva de punto de descanso e lecer, de limiar da muralla, e de conexión entre o centro da cidade e o seu núcleo de transporte público.

No que se refire ao proxecto da estación intermodal, lembrou que en xullo tivo lugar unha reunión entre a Xunta, ADIF e o Concello de Lugo, na que o Goberno galego puxo sobre a mesa un texto de convenio útil, que clarifica as competencias e responsabilidades de cada administración, e que facilita o desenvolvemento do proxecto.

Non obstante, a conselleira precisou que a día de hoxe nin concello nin ADIF responderon ao respecto deste texto. Concretou que cómpre axili-



A conselleira ofreceu información sobre os planos.

dade, pois o Plan de transporte público de Galicia vai reordenar os servizos de autobús en 2020 e a chegada do AVE está próxima e para sacar o máximo proveito a estas oportunidades, Lugo precisa da estación intermodal. Puxo en valor a aposta da Xunta pola intermodalidade nos últimos anos, xa que o transporte público vai xogar un papel fundamental

nese futuro porque é ambientalmente a solución máis sostible e economicamente é máis eficiente.

Salientou que o obxectivo é facilitar que se complementen entre si o taxi, o bus urbano, o bus interurbano, o tren, a bicicleta ou os vehículos de mobilidade persoal que están proliferando nos últimos anos.

A Deputación investirá nas estradas da Mariña e Terra Chá

A voceira do goberno provincial, Pilar García Porto, anunciou que a Xunta de Goberno acordou a adxudicación dos traballos de conservación da rede viaria da provincia correspondentes a 2 lotes dos 8 nos que está dividido este servizo. Farase cun investimento próximo aos 1,3 millóns de euros para tres anualidades, de 2019 a 2021. García Porto sinalou que “estes 2 lotes aglutinan a 21 concellos das comarcas da Terra Chá e A Mariña”.

Lembrou que a Deputación licitou conxuntamente o ano pasado os 8 lotes nos que está dividido o contrato de conservación de estradas provinciais por un importe total de 6,4 millóns de euros para o período 2019-2021. “Na Xunta de Goberno de hoxe adxudicáronse 2 lotes, a se-



García Porto confirmou que os traballos se van realizar entre 2019 e 2021.

mana pasada démoslle luz verde a outros 5 e faltaría un que xa se está en trámite coa previsión de que poidan adxudicarse nas próximas semanas”, sinalou.

Nesta xunta de goberno tamén se aprobou un convenio de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos para a organización do Fes-

tival do Viño da Ribeira Sacra de Monforte 2019. A colaboración acordada foi de 40.000 euros. “Apostamos por este evento, no marco do noso compromiso co turismo, nunha zona que está en auxe e que as cifras o avalan, este verán foi de récord, acadando case o 100 % na ocupación hoteleira”, aseverou a voceira do goberno provincial.

Sober reforma os pendellos de Cadeiras



Está previsto que os traballos rematen no mes de novembro.


O Goberno local do Concello de Sober vén de comezar a reforma dos pendellos de Cadeiras, situados ao carón do santuario. A obra realizarase en 40 metros liñais dos pendellos de cara o este, por ser os que presentan un maior deterioro. Con esta actuación cambiarase por completo a cuberta, que levará madeira de castiñeiro e tella curva tradicional. Tamén se cambiaron catro columnas

de granito do país que presentaban un alto deterioro. Ao mesmo tempo vai acondicionarse o chan con xabre tradicional compactado.

A obra está cofinanciada por Turismo de Galicia, que achega o 60 por cento, e o Concello de Sober, que asume o 40 por cento dun orzamento total de 50.000 euros. As obras están sendo executadas pola empresa local Construcciones Piñeiro.


Humor

PEPE PELAYO



Humor

PEPE PELAYO



FUCO PRADO



Humor


MARTIRENA



Expulsado dun plató de televisión por dicir que Deus non existe, un exipcio busca asilo en Alemaña



A cumbre de Nueva York arranca cunha crise climática agravada tras anos de promesas incumpridas polos estados



A xustiza rexeita a petición de impedir a eldiario.es a difusión das gravacións da investigación das oposicións da sanidade vasca



Aena adxudica contratos por máis de 6,8 millóns á consultora de un dos seus expresidentes.



O grupo italiano "Il Padrone di Merda" recorre os comercios de Bolonia facendo escraches aos propietarios acusados de explotación



O partido de Errejón preséntase as eleccións xerais do 10-N

Medio Ambiente comunicou ao Comité Español da Unesco que formalizará a candidatura da Ribeira Sacra a reserva da biosfera

A candidatura da Xunta para que a Ribeira Sacra se converta na sétima reserva da biosfera de Galicia continúa avanzando con paso firme. Na vixésima reunión do Comité español do Programa MAB (Home e Biosfera) da Unesco, celebrado en Madrid, a directora xeral de Patrimonio Natural, Belén do Campo, comunicoulle aos membros deste órgano de carácter consultivo que antes de que remate o ano a Xunta presentará oficialmente a candidatura.

A formalización da proposta da reserva da biosfera Ribeira Sacra e serras do Oribio e Courel producírase unha vez se conclúan os informes derivados do proceso de información pública, que se abriu o pasado 9 de agosto e xa está pechado. En todo caso, este trámite avanza a bo ritmo polo que do Campo asegurou que “este mesmo ano” a Xunta presentará a candidatura ante a Secretaría do Comité español do Programa MAB, co obxectivo de obter a súa declaración definitiva no ano 2021.

Proposta sólida

Para a Xunta, tal e como subliñou a directora xeral, trátase dunha proposta sólida, avalada por un gran consenso por parte dos distintos axentes implicados e que aglutina a un total de 23 concellos de Lugo e de Ourense cun alto valor paisaxístico e cultural en común, unidos pola súa aposta por un desenvolvemento sustentable baseado nas prácticas tradicionais.

O pasado mes de agosto a Xunta fixo en Pantón a presentación oficial da candidatura coa que o espazo conformado pola Ribeira Sacra e as serras do Oribio e Courel aspiran a conseguir este recoñecemento de carácter internacional, xestionado e concedido pola Unesco. O documento que avala a candidatura foi sometido a información pública durante un mes, período no cal as persoas e entidades interesadas puideron facer as súas achegas ao texto orixinal. En total recibíronse dúas alegacións, que están a ser analizadas pola Consellería co fin de valorar posibles melloras ou modificacións.



Belén do Campo na vixésima reunión do Comité do Programa MAB (Home e Biosfera).

O documento foi froito de máis de dous anos de traballo durante os que a Xunta mantivo un diálogo constante con todos os axentes implicados e con intereses na declaración, entre eles, concellos, grupos de desenvolvemento rural, universidades, sector turístico e outros colectivos, que tiveron ocasión desde o principio de participar activamente e facer as súas contribucións á proposta.

Seis reservas da biosfera

Galicia conta nestes momentos con seis reservas da biosfera -un dos recoñecementos de carácter internacional máis importantes en relación coa conservación e o uso sustentable do patrimonio- que

representan arredor do 25% do territorio da comunidade.

Coa incorporación da reserva da biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e Courel, a extensión protexida en Galicia baixo esta figura se incrementaría ata chegar ao 34% do territorio, de aí a importancia da candidatura para a preservación e o recoñecemento internacional do patrimonio natural da comunidade.

A proposta para a declaración aglutina en total a 18 concellos de Lugo (Bóveda, Carballedo, Chantada, Folgoso do Courel, O Incio, Monforte de Lemos, Pantón, Paradela, A Pobra do Brollón, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, Samos,

Sarria, O Saviñao, Sober, Taboada e Triacastela) e cinco da provincia de Ourense (Castro Caldelas, Nogueira de Ramuín, Parada de Sil, A Peroxa e A Teixeira). Trátase dun territorio de excepcional valor en canto aos seus compoñentes ambientais, paisaxísticos e culturais, como demostra a súa recente declaración como Ben de Interese Cultural (BIC) por parte do Consello da Xunta.

Neste sentido, se a candidatura da Ribeira Sacra prospera e supera todos os requisitos e condicionantes establecidos polos responsables da Unesco para a súa declaración, este territorio a cabalo entre as provincias de Lugo e Ourense estaría en disposición de obter un triplo recoñecemento por parte do organismo internacional.

En abril as Montañas do Courel obtiveron a declaración de Xeoparque, converténdose así no primeiro espazo natural con esta denominación en Galicia; e ademais, a Consellería de Cultura traballa xa nunha iniciativa para promover o recoñecemento da Ribeira Sacra como Patrimonio Mundial.

A Xunta e O Saviñao modernizarán a estación de tratamento de auga potable

A conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, Ethel Vázquez, e o alcalde do Saviñao, Juan Carlos Armesto, asinaron un convenio de colaboración para a modernización do sistema de bombeo da Estación de Tratamento de Auga Potable municipal, cun investimento autonómico de preto de 60.000 euros. A cooperación permite financiar o custe das actuacións de mellora no bombeo de auga tratada na potabi-

lizadora que eleva a auga cara aos depósitos desde onde se distribúe ao conxunto da poboación do Saviñao.

Os traballos a executar tratan de dotar o sistema de bombeo da ETAP de nova tecnoloxía que permita obter un maior rendemento no tratamento e reducir os custos enerxéticos, aumentando a vida útil da infraestrutura e garantindo o subministro de auga potable, en cantidade e calidade, aos

veciños do Saviñao.

Máis en concreto, as actuacións céntranse na substitución das 2 bombas existentes por novos equipos, de tecnoloxía máis avanzada, que permitirán un mellor rendemento no sistema de bombeo. Tamén é intención do Concello reparar unha das bombas actuais para que quede en reserva e poida ser empregada en caso de avaría.

Na intervención proxéctase, ademais, a revisión e reparación



Ethel Vázquez e Juan Carlos Armesto selaron o acordo en presenza de Raquel Arias.

dos grupos motores para garantir un correcto funcionamento e a prolongación da súa vida útil, así como a instalación dun novo sistema de arranque “suave”, que permitirá reducir o consumo das bombas no arranque en arredor dun 30%.

As obras proxectadas teñen

un prazo de execución de 3 meses e, segundo recolle o convenio selado hoxe, o Concello do Saviñao comprométese a executar e poñer en servizo as obras de mellora no bombeo, así como a asumir a explotación, conservación e mantemento das actuacións.

Instituto arxentino-galego “Santiago Apóstol” de Bos Aires

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, recibiu a máis de vinte alumnos e profesoras do Instituto arxentino-galego “Santiago Apóstol” de Bos Aires, que cada ano “reciben como gran premio final do colexio a tódalas promocións, esta viaxe a Galicia que reforza a ourensanía”, dixo o presidente do PEN Galicia, Luis González Tosar, que acompañou ao alumnado na visita á Deputación de Ourense.

Baltar deulles á benvinda a Ourense, “unha provincia singular e única por ser o territorio de Europa con maior potencial termal”. Unha provincia de “gran capacidade creativa, traballadora e organizativa”, así como a vinculada á emigración que “ten unha gran conexión con Arxentina, onde entregamos o ano pasado o Premio Ouren-



A recepción tivo lugar no salón de plenos.

sanía 2018”. Así mesmo, o presidente do goberno provincial lembrou que precisamente nesa viaxe inaugurou, no colexio arxentino-galego “Santiago Apóstol”, a aula “Eduardo Blanco Amor” para o alumnado do último curso de secundaria.

Manuel Baltar comprometeu o apoio da Deputación a este colexio onde se imparten ensinanzas de primaria e secundaria trilingües, en cas-

telán, inglés e galego. Ese compromiso materializouse cunha axuda de 80.000 euros que será destinada a infraestruturas, novas aulas e unha biblioteca galega, na terceira planta do edificio.

O alumnado agradeceu ao presidente da Deputación a súa recepción e afirmaron que esta viaxe é “moi importante para nós porque nos permite coñecer a Galicia que estudamos nas aulas”.

Crónicas do paraíso de Sarabela Teatro



A obra estreouse en Ourense e logo iniciará unha xira.

A compañía ourensá Sarabela Teatro estreou a súa nova montaxe: “Crónicas do Paraíso”, con dúas sesións no Auditorio municipal de Ourense. Gonzalo Guerreiro foi o director do espectáculo e Fernando Dacosta o responsable do texto. “Crónicas do paraíso” é unha versión libre de “As Crónicas do Sochantre” de Álvaro Cunqueiro. A trama orixinal de Cunqueiro serve para dar forma a unha nova estrutura narrativa habitada

polo universo do crime. Manténse a liña xeral da historia do Sochantre de Crozon que a cambio de exercer as súas funcións musicais no funeral do fidalgo de Quelven recibirá deste un pomar de agasallo.

Un grupo de 5 personaxes interpretados por tres actrices e dous actores viaxa cara ao funeral do fidalgo de Quelven. Durante aproximadamente unha noite e un día, o tempo que dura a acción, confúndese a morte coa vida e o drama coa comedia.

Congreso internacional sobre termalismo en Lobios

Celebrouse en Lobios o Congreso Internacional Termalismo 2021-2027: dinamización dos territorios e reto demográfico que centrou os relatorios e debates no papel dos balnearios no desenvolvemento socio-económico dos territorios nos que están emprazados.

A representante da Xunta de Galicia salientou o potencial termal que ten a nosa Comunidade autónoma “pola diversidade da oferta, a calidade dos seus servizos e a singularidade das súas augas”, subliñando que malia que as catro provincias galegas posúen recursos termas, Ourense é a que presenta unha



Este congreso está incluído nas accións do proxecto europeo POCTEP Raia Termal.

maior potencialidade á hora de contribuír ao posicionamento global de Galicia como destino termal. A delegada territorial defendeu que a Administración autonómica consciente de que a auga minero-medicinal e termal é un re-

curso endógeno e desestacionalizador, está a impulsar desde hai tempo accións e programas específicos encamiñados a aproveitar este sector como elemento de desenvolvemento e reequilibrio territorial.

Homenaxe a Blanco Amor



Membros de A Galleira no acto do 14 de setembro.

O centro cultural A Galleira conmemorou o 112 aniversario do nacemento de Eduardo Blanco Amor cun acto celebrado fronte á estatua que o escritor ourensán ten na praza Bispo Cesáreo da capital. Os organizadores leron un manifesto reivindicando “a súa fi-

gura non só como gran literato se non noutras facetas como o seu compromiso político, moitas veces silenciado polas institucións”. Este acto “repetirase nos próximos anos ata a celebración do 125 aniversario para que en 2022 cobre a forza que merece”, sinalaron membro da Galleira.

A Deputación edita o número 33 do Anuario da Gaita

A Deputación de Ourense edita o número 33 do "Anuario da Gaita", unha publicación que conta con traballos de destacados especialistas no coñecemento da cornamusa e da súa historia. Na presentación desta nova edición participou o vicepresidente da Deputación, Rosendo Fernández; a deputada provincial de Cultura, Patricia Torres; o director da Escola de Gaitas da Deputación, Xosé Lois Foxo; e o musicólogo e colaborador da publicación, Jorge Lira.

O "Anuario da Gaita" é unha publicación "única nas súas características en Galicia e unha obra de referencia para os estudosos e amantes da cornamusa, que dota de luz a historia, a tradicións e os usos deste instrumento musical de Galicia", sinalou Rosendo Fernández. "Trátase dunha das moitas actividades que desenvolve a Escola Provincial de Gaitas ao longo do ano a prol da nosa cultura



Presentación do último volume do Anuario da Gaita.

e da nosa tradición, que achega ao lector investigación, historia, cultura e etnografía sobre o mundo da gaita", engadiu o vicepresidente.

Esta publicación é "unha aposta pola defensa da nosa identidade ourensá e galega, que achega valor á política cultural da Deputación", dixo Rosendo Fernández. Neste mesmo sentido, a deputada de Cultura felicitou á Escola de Gaitas por este traballo

que "afonda no coñecemento do instrumento de Galicia e, en especial, de Ourense, e contribúe á súa difusión".

O director da Escola Provincial de Gaitas da Deputación explicou que o "Anuario da Gaita" ten como filosofía "recompilar os eventos máis importante que se realizan ao longo do ano, recoller traballos científicos e dedicar unha sección de pasamentos sobre persoas destacadas no mundo da Cultura".

A Xunta recuperará a senda peonil de Os Peares



Esta actuación consiste na eliminación de especies exóticas.

A Xunta recuperará a senda peonil en Os Peares, no Concello de A Peroxa, entre o río Miño e a vía de ferrocarril Ourense-Monforte, ao abeiro das axudas directas concedidas polo Goberno galego para desenvolver diferentes actuacións en concellos incluídos na Rede Natura dirixidas á conservación do patrimonio paisaxístico.

As actuacións proxectadas, cun investimento de 47.559 euros, consisten na realización de accións para mellorar ambientalmente esta ruta, un espazo de gran beleza paisaxística caracterizado por unha senda natural paralela e moi próxima ao río Miño, que na actualidade conta con elevada presenza de especie exótica que está invadindo e colonizando o hábitat

natural de interese prioritario. Así, realizarase a roza de vexetación arbustiva en 5,20 hectáreas, poda e clareo de frondosas autóctonas con corta e retirada de árbores mortas da especie invasora. A zona onde se está a traballar non está dentro de ningún espazo natural protexido pero si moi preto da zona de especial conservación (ZEC) Canón do Sil.

Esta intervención realízase grazas a unhas axudas para a realización de investimentos non produtivos para acadar os obxectivos agroambientais e climáticos no ámbito da Rede Natura e dos parques naturais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Síguenos en:
www.novasdoeixoatlantico.com



VEN... Sorpresa
5º Aniversario 3,4,5 octubre
www.clubtosca.es

Sala de Fiestas Music-Hall
C/ Ervedelo, 15 - ourense
988 23 44 99 - 698 14 82 07

Sala de Fiestas Music-Hall

cerramos los domingos
espectáculo erótico

A provincia arxentina de Entre Ríos será a sede de Termatalia 2020

Por Silvia Pardo

Termatalia 2019 pechou a súa edición en Ourense tendendo xa a ponte para a organización da edición de 2020 que se celebrará na provincia arxentina de Entre Ríos. A secretaria de Turismo entrerriana, Carolina Gaillard, recolleu a testemuña que lles converte en sede da próxima edición en América Latina, de mans do conselleiro de Cultura e Turismo do Goberno de Galicia, Román Rodríguez, do presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, e do vicepresidente do comité executivo de Expourense, Jorge Pumar. Entre Ríos asume o reto de planificar Termatalia 2020, unha candidatura que conta co apoio do gobernador da provincia, Gustavo Bordet, e co respaldo da iniciativa privada e dos empresarios que lideran os 16 complexos termais da provincia.

Esta entrega foi o acto central da segunda e última xornada de Termatalia 2019 na que se celebrou tamén unha

nova edición, a 17ª xa, da Cata Internacional de Augas que estivo dirixida pola hidrosumiller galega Mercedes González e contou cun xurado formado por profesionais de España e Francia.

Celebráronse reunións de negocio no Workshop de Contratación Turística entre os expositores e os 26 operadores de turismo. Termatalia foi tamén o marco elixido para a posta en marcha da primeira acción do proxecto "Un descanso nos Camiños" promovido pola Agrupación industrial de Turismo de Galicia co apoio da Axencia de Turismo de Galicia a pedimento dos socios Expourense, Balnearios de Galicia, Grupo Caldaria e a Federación provincial de Hostalería de Ourense. Este proxecto busca organizar estancias nos balnearios dos distintos Camiños de Santiago.

Enbhiga

Termatalia acolleu tamén a presentación de Enbhiga 2019, o Encontro Bioceánico Hispano de Gastronomía que se cele-



Entre Ríos organizará Termatalia 2020 en Argentina.

brará na provincia de Ourense entre os días 15 e 19 de outubro e que congregará a cociñeiros e prensa dunha ducia de países. No mesmo Área de Alimentación Saudable tamén se impartiron varios talleres de cociña con auga termal incluíndo un de realización de xeados termal con auga de As Burgas. Realizáronse varias presentacións de destino termais dirixidas aos operadores de turismo e á prensa especializada como a da provincia arxentina de Santiago do Estero, Foz do Iguazú en Brasil

e o proxecto Termas Centro de Portugal.

No que respecta ao coñecemento, celebrouse o Encontro Internacional a Sesión sobre Turismo, Innovación e Sostibilidade, enmarcada no XIV Encontro Internacional sobre Auga e Saúde que contou coa participación de 46 relatores dunha ducia de países.

Participaron operadores de turismo especializados neste sector como Pravassa de Estados Unidos, Rusticae de España e Chile ou Nextel ou Yu Travel, de España. Esta xornada com-

plementouse con outra sesión que analizou o desenvolvemento de estratexias e enfoques a novos mercados para o turismo de saúde na que participaron Balnearios de Galicia, Costa Cálida Cares de Murcia ou representantes de empresas do sector de países como Eslovenia (Asociación eslovena de balnearios).

Melgaco

Os visitantes de 34 países realizaron algunha dos roteiros termais a Cortegada e Melgaco, organizada polo proxecto Raia Termal e á Eurocidade Verín-Chaves Vidago. Termatalia terminou a súa 19ª edición tras dous días de intensa actividade que convocaron a preto de 6.000 visitas procedentes de 34 países. Tamén culminou a Semana Termatalia na que Ourense converteuse en epicentro do termalismo mundial acollendo tres eventos internacionais: o Congreso Internacional de Termalismo 2021-2027, o Simposio Internacional sobre Auga e Calidade de Vida e Termatalia.

Congreso Ibérico de Turismo Deportivo en Expourense

Acelebración do I Congreso Ibérico de Turismo Deportivo será a principal novidade da terceira edición de Sportur Galicia, Salón do Deporte e Turismo Activo de Galicia. Outra das novidades será que a pista de atletismo hidráulica coa que conta Expourense estará instalada para esta feira multiplicando así as opcións á hora de organizar actividades deporti-

vas e exhibicións.

Sportur Galicia terá lugar en Expourense os días 15 e 16 de novembro contando co principal apoio da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia e da Deputación de Ourense e servirá un ano máis como antesala da XLII Carrera Popular de San Martiño que congrega a miles de deportistas. Este congreso celebrarase os días 14 e 15 de novembro e foi pre-

sentado en Expourense durante a primeira reunión do comité asesor de Sportur Galicia á que asistiron 18 representantes relacionados co turismo e o deporte de entidades públicas e privadas, empresas e federacións deportivas de Galicia.

Este Congreso estará organizado por Expourense co apoio da Secretaría Xeral para o Deporte e da Fundación Deporte Galego; da Deputación



Reunión do comité asesor de Sportur Galicia.

de Ourense e da Asociación do Deporte Español (ADESP). Contribuirá a reforzar o carácter profesional da feira e estará dividido nos seguintes bloques temáticos: Políticas públicas; Turismo activo (lexislación, titulacións e novas tendencias);

Eventos Deportivos (casos de éxito en cidades, en zonas rurais e márketing e impacto económico); Turismo náutico; Turismo deportivo e desenvolvemento local; Sector Turístico (hoteis e turistas) e Formación e investigación.